



Área / Unidad CONCESIONES Y PATRIMONIO MUNICIPAL NCM	Documento AD1171004A	
Código de verificación  6X1K 6T73 3865 364L 019F	Expediente AD1/2023/7	
	Fecha 04-04-2023	

PREGO DE CONDICIÓN ADMINISTRATIVAS REGULADOR DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA O OUTORGAMENTO DE AUTORIZACIÓN DE APROVEITAMENTO E OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA, PARA A VENDA AMBULANTE NAS INMEDIACIÓN DAS PRAIAS, NOS PARQUES E NOUTRAS ZONAS DA CIDADE DURANTE A TEMPADA ESTIVAL (ANOS 2023, 2024, 2025 E PRORROGABLE A 2026)

I. DISPOSICIÓN XERAIS

1.- Obxecto do prego

O obxecto do presente prego de condicións administrativas é regular a convocatoria pública para o outorgamento de autorizacións de aproveitamento e ocupación do dominio público, en réxime de concorrencia, para a venda ambulante de xeados, froitas, auga, refrescos e lambetadas nas inmediacións das praias, nos parques e noutras zonas da cidade durante a tempada estival (anos 2023, 2024, 2025 e prorrogable a 2026).

2.- Réxime xurídico

O procedemento de outorgamento de autorizacións réxese polo previsto neste prego de condicións administrativas e no de condicións técnicas; para o non previsto neles, estarase ao disposto na normativa vixente contida en:

- As normas de aplicación plena e básica contidas na Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP) e no seu Regulamento de desenvolvemento, aprobado mediante Real Decreto 1373/2009, do 28 de agosto.
- As disposicións básicas en materia de bens locais establecidas na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL) e no Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Nas disposicións non básicas sobre patrimonio local, especialmente polo establecido no Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).
- Nas disposicións que regulan o exercicio da venda ambulante ou non sedentaria, en particular a Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia.
- Nas ordenanzas municipais aplicables.



Ayuntamiento de A Coruña Concello da Coruña

Aplicaranse, no seu caso, os principios da contratación pública establecidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en diante LCSP, e a súa normativa de desenvolvemento (Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, e o Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, en canto non fosen derogadas por esta LCSP).

Terase en conta tamén o disposto na normativa sanitaria e nas disposicións en materia de defensa de consumidores e usuarios.

Supletoriamente aplicaranse as demais normas de dereito administrativo e na súa falta as de dereito privado.

3.- Procedemento e forma de outorgamento

A presente autorización demanial, de conformidade co artigo 92 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP) e artigo 77 do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL), outorgarase en réxime de concorrencia para posibilitar que toda persoa física ou xurídica poida presentar unha solicitude, sempre que cumpra co establecido no presente prego.

As autorizacións outorgaranse por un período de tres anos, desde o ano 2023 ata o ano 2025 inclusive, podendo prorrogarse por un período dun ano adicional ata o ano 2026.

4.- Emprazamento e requisitos xerais dos postos de venda ambulante

As localizacións dos postos de venda ambulante serán as sinaladas nos pregos e nos planos que se anexan aos mesmos, de acordo coa seguinte clasificación relativa ao postos tipo I, tipo II e tipo III:

a) 6 postos TIPO I, situados nas inmediacións do Paseo Marítimo, nos lugares indicados no plano que se achega aos pregos como "ANEXO I". En concreto, os seguintes postos:

- "Posto P1. Avenida Bos Aires – altura rúa Pondal".
- "Posto P2. Avenida Barrié de la Maza – altura rúa Modesta Goicuría".
- "Posto P3. Avenida Barrié de la Maza – altura ambulatorio San José".
- "Posto P4. Avenida Barrié de la Maza – altura rúa Sol".
- "Posto P5. Avenida Barrié de la Maza – altura fonte Surfistas".
- "Posto P6. Avenida Barrié de la Maza – altura rúa Cantábrico".

O postos TIPO I deberán consistir en carriños con rodas sen motor, con dimensións máximas do caixón de 2,0 m x 1,5 m x 1,5 m (sen incluír, no seu caso, a bicicleta ou soporte correspondente), que deberán permitir a súa retirada da vía pública ao finalizar a xornada diaria.

En consecuencia, no Paseo Marítimo quedará prohibida a venda desde camións ou vehículos tenda, estando admitidos os carriños bicicleta, incluída a bicicleta eléctrica. Tamén se



Ayuntamiento de A Coruña Concello da Coruña

admitirán elementos auxiliares como toldos ou antucas integrados, en todo caso, na estrutura do caixón.

a) 5 postos TIPO II, situados noutras zonas da cidade, nos lugares indicados no plano que se achega aos pregos como “ANEXO II”. En concreto, os seguintes postos:

- “Posto H1. Entrada parque Monte de San Pedro”.
- “Posto H2. Palacio dos Deportes – Escravas.”.
- “Posto H3. Torre de Hércules”.
- “Posto H4. Acceso Club San Amaro”.
- “Posto H5. Castelo de San Antón”.

O postos TIPO II deberán consistir en vehículos tenda, camiós ou remolques, cunha dimensión máxima de 6,4 m x 2,5 m, que deberán permitir a súa retirada da vía pública ao finalizar a xornada diaria.

b) 6 postos TIPO III, situados nos parques da cidade, nos lugares indicados no plano que se achega aos pregos como “ANEXO III”. En concreto, os seguintes postos:

- “Posto J1. Parque de Santa Margarita”
- “Posto J2. Parque de Vioño (cruzamento rúas Enciclopedia Francesa e Revolución Francesa)”.
- “Posto J3. Parque de Oza (rúa Marina Nieto Álvarez, altura camiño do Corgo)”.
- “Posto J4. Parque de Santo Diego (rúa Alberto García Ferreiro)”.
- “Posto J5. Novo Mesoiro (rúa Os Ancares)”.
- “Posto J6. Parque de Eirís (avenida de Lamadosa, altura campo de fútbol)”.

O postos **TIPO III** poderán consistir tanto en carriños con rodas sen motor como en vehículos tender, camiós ou remolques, cunha dimensión máxima de 6,4 m x 2,5 m, que deberán permitir a súa retirada da vía pública ao finalizar a xornada diaria.

Así mesmo, no prego técnico tamén se establecerá o período de ocupación correspondente a cada tempada e o horario autorizado.

O Concelleiro Delegado da área de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda e Mobilidade, en uso das facultades atribuídas nas disposicións aplicables na materia, cando concorran circunstancias de interese público debidamente motivadas que o fagan aconsellable, poderá ampliar ou limitar tanto o período de ocupación como o horario autorizado, de conformidade co establecido na cláusula 20.^a do presente prego de condicións administrativas.

5.- Oferta económica mínima

En virtude do disposto na Ordenanza Fiscal nº 31 reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público con postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo, así como industrias de rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica, para o ano 2023 establécese a seguinte oferta mínima de saída en función da localización dos postos de venda:



	ANO 2023 (oferta económica mínima)
Para o postos TIPO I:	
Posto P1	634,50 €
Posto P2	607,50 €
Posto P3	607,50 €
Posto P4	607,50 €
Posto P5	607,50 €
Posto P6	607,50 €
Para o postos TIPO II:	
Posto H1	1.440,00 €
Posto H2	2.256,00 €
Posto H3	1.680,00 €
Posto H4	1.680,00 €
Posto H5	2.160,00 €
Para o postos TIPO III:	
Posto J1	1.920,00 €
Posto J2	1.920,00 €
Posto J3	2.160,00 €
Posto J4	1.680,00 €
Posto J5	1.680,00 €
Posto J6	1.920,00 €

Os interesados en obter a autorización realizarán unha oferta económica que non poderá ser inferior a estes prezos, que terán o carácter de prezos de saída e a mellora realizarase á alza respecto aos mesmos.

Cada solicitante poderá presentar unha oferta económica para cada posto no que estea interesado. Só se concederá unha autorización por persoa física e un máximo de tres por persoa xurídica.

O adxudicatario deberá abonar cada tempada o prezo correspondente á oferta económica realizada.

Para a xestión do pago o adxudicatario, a partir do 1 de marzo de cada ano e previa presentación da documentación necesaria para a renovación da autorización, poderá esixir que se lle expida o documento de pago correspondente.

O pago deberase efectuar sempre con carácter previo ao comezo de cada tempada.

6.- Órgano competente para resolver

Para o outorgamento das autorizacións é competente o Concelleiro Delegado da área de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda e Mobilidade, por delegación da Xunta de Goberno Local, segundo acordos adoptados na súa sesión con data do 28.06.2019 (BOP núm. 124 con data do 03.07.2019).



7.- Publicidade do procedemento

Darase publicidade do presente procedemento de outorgamento de autorizacións no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na Sede electrónica do Concello da Coruña.

No seu caso, os gastos do anuncio no BOP repartiranse entre os adxudicatarios de forma proporcional ao prezo polo que os diversos postos queden adxudicados no ano 2023.

No caso de que algún posto de venda quedase sen cubrir tras a celebración desta primeira convocatoria, valorarase a realización ou non dun novo procedemento de outorgamento de autorizacións, nese caso poderase limitar a publicación á Sede electrónica deste Concello, concedendo en todo caso un prazo de trinta (30) días hábiles para a recepción de novas solicitudes.

II.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES. VALORACIÓN E SELECCIÓN.

8.- Garantías provisional e definitiva

Non se esixen.

9.- Presentación de ofertas

9.1.- Capacidade dos solicitantes

O exercicio da venda ambulante poderá exercerse por toda persoa física ou xurídica que se dedique á actividade do comercio polo miúdo, sempre que ostenten plena capacidade de obrar, non estean incursoas en ningunha das prohibicións do artigo 71 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP) en relación co artigo 94 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP), e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional nos termos sinalados neste prego.

A capacidade de obrar acreditarase:

- a) En canto a persoas físicas, mediante a fotocopia compulsada do Documento Nacional de Identidade.
- a) En canto a persoas xurídicas, mediante a fotocopia compulsada do CIF e a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acta constitutiva, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente rexistrados, no seu caso, no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

A proba, por parte dos solicitantes, da non concorrencia dalgunha das prohibicións para contratar realizarase mediante a presentación da declaración responsable (recollida como Anexo I deste prego) indicativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración e a achega dos correspondentes certificados da Tesourería Xeral da Seguridade Social (TGSS) e da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT).

A solvencia económica, financeira e técnica ou profesional acreditarase mediante o alta no Imposto sobre Actividades Económicas (IAE), e o último recibo de pago correspondente ao exercicio 2021 ou



Ayuntamiento de A Coruña Concello da Coruña

2022 onde conste o epígrafe correspondente ao obxecto do presente procedemento ou, en caso de estar exentos, estar dado de alta no censo de obrigados tributarios, debendo presentar neste caso certificado emitido pola Axencia Tributaria con data do primeiro semestre do ano 2022, non sendo válidos os anteriores á devandita data.

Deberase estar dado de alta no réxime da Seguridade Social que corresponda e ao corrente no pago das cotizacións da mesma.

Os prestadores procedentes de terceiros países deberán acreditar o cumprimento das obrigacións establecidas na lexislación vixente en materia de autorizacións de residencia e de traballo.

9.2.- Forma de presentación e contido das solicitudes

As solicitudes e a correspondente documentación deberán presentarse como segue:

- Persoas físicas, preferentemente a través da Sede electrónica do Concello da Coruña ou de calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, con excepción da oferta económica que se presentará en sobre pechado seguindo o procedemento sinalado neste prego.
- Persoas xurídicas, de forma electrónica, a través da Sede electrónica do Concello da Coruña, con excepción da oferta económica que se presentará en sobre pechado seguindo o procedemento sinalado neste prego.

Dentro da Sede electrónica do Concello da Coruña haberá que ir á seguinte ligazón:

<http://sede.coruna.gal/sede/es/tramites-y-servicios-electronicos/guia-de-procedimientos-y-servicios/detalle-de-procedimientos/autorizacion-de-aprovechamiento-y-ocupacion-del-dominio-publico-para-la-venta-ambulante-temporada/contenido/1453834894469>

O prazo de presentación de solicitudes será de trinta (30) días hábiles contados a partir do seguinte á publicación do anuncio do procedemento de outorgamento de autorizacións na Sede electrónica do Concello da Coruña e no BOP.

A presentación de solicitudes a través da Sede electrónica permitirá que a documentación poida enviarse en arquivos virtuais durante todo o prazo de presentación as 24 horas. O último día do prazo finalizará ás 23 horas 59 minutos e 59 segundos. Non se admitirán as solicitudes presentadas fóra do prazo indicado.

A presentación de solicitudes supón, en todo caso, a aceptación incondicional polas persoas candidatas da totalidade das cláusulas do presente prego de condicións administrativas e do prego de condicións técnicas, sen condición algunha.

As solicitudes para tomar parte neste procedemento presentaranse:

- Se a presentación se realiza a través da sede electrónica (persoas xurídicas en todo caso), **nun arquivo electrónico** asinado polo solicitante ou o seu representante legal, no que se fará constar a denominación **“Arquivo A: Declaración responsable”** e a lenda **“DECLARACIÓN RESPONSABLE - CONVOCATORIA PÚBLICA PARA O OUTORGAMENTO DE**



AUTORIZACIÓNS DE APROVEITAMENTO E OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA, PARA A VENDA AMBULANTE NAS INMEDIACIÓNS DAS PRAIAS, NOS PARQUES E NOUTRAS ZONAS DA CIDADE DURANTE A TEMPADA ESTIVAL (ANOS 2023, 2024, 2025 E PRORROGABLE A 2026)”.

A presentación da oferta económica deberá facerse nalgún dos rexistros aos que fai referencia o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, nun sobre pechado coa seguinte denominación **“Arquivo B: Oferta económica e outros de valoración”** e a lenda **“OFERTA ECONÓMICA E OUTROS CRITERIOS DE VALORACIÓN - CONVOCATORIA PÚBLICA PARA O OUTORGAMENTO DE AUTORIZACIÓNS DE APROVEITAMENTO E OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA, PARA A VENDA AMBULANTE NAS INMEDIACIÓNS DAS PRAIAS, NOS PARQUES E NOUTRAS ZONAS DA CIDADE DURANTE A TEMPADA ESTIVAL (ANOS 2023, 2024, 2025 E PRORROGABLE A 2026)”**.

- Se a presentación se realiza de forma física nalgún dos rexistros aos que fai referencia o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, efectuarase en dúas sobres pechados. A denominación dos sobres será:
 - o Sobre A: en cuxo exterior deberá constar a seguinte lenda **“DECLARACIÓN RESPONSABLE - CONVOCATORIA PÚBLICA PARA O OUTORGAMENTO DE AUTORIZACIÓNS DE APROVEITAMENTO E OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA, PARA A VENDA AMBULANTE NAS INMEDIACIÓNS DAS PRAIAS, NOS PARQUES E NOUTRAS ZONAS DA CIDADE DURANTE A TEMPADA ESTIVAL (ANOS 2023, 2024, 2025 E PRORROGABLE A 2026)”**.
 - o Sobre B: en cuxo exterior deberá constar a seguinte lenda **“OFERTA ECONÓMICA E OUTROS CRITERIOS DE VALORACIÓN - CONVOCATORIA PÚBLICA PARA O OUTORGAMENTO DE AUTORIZACIÓNS DE APROVEITAMENTO E OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA, PARA A VENDA AMBULANTE NAS INMEDIACIÓNS DAS PRAIAS, NOS PARQUES E NOUTRAS ZONAS DA CIDADE DURANTE A TEMPADA ESTIVAL (ANOS 2023, 2024, 2025 E PRORROGABLE A 2026)”**.
- Ambos sobres deberán presentarse conxunta e simultaneamente, pechados ou lacrados e asinados polo solicitante ou persoa que o represente. No caso do Concello da Coruña, a presentación poderá facerse nos Rexistros de entrada cumprindo, no seu caso, co requisito da cita previa e dentro do horario de apertura do rexistro.

Arquivo A/Sobre A: Declaración responsable:

As solicitudes estarán suxeitas ao modelo que se establece nos Anexos I e III do presente prego e que poderá cubrirse on-line a través da Sede electrónica.

Arquivo B/Sobre B: Oferta económica e outros criterios de valoración:

As solicitudes estarán suxeitas ao modelo que se establece no Anexo II do presente prego e que poderá descargarse on-line a través da Sede electrónica.

Recibida a solicitude non poderá ser retirada polo solicitante.



10.- Órgano de valoración

Para o outorgamento das autorizacións, o órgano competente estará asistido por unha Mesa integrada por:

- Presidente: Director da área de Economía, Facenda e Réxime Interior ou persoa en quen delegue.
- Vogais:
 - o Representante da Asesoría Xurídica Municipal;
 - o Representante do Servizo de Movilidad Urbana;
 - o Representante do Servizo de Concesións e Patrimonio Municipal

Calquera membro poderá propoñer á Mesa o nomeamento de canto asesores considere conveniente en razón dos seus especiais coñecementos técnicos, que poderán asistir ás súas reunións, con voz e sen voto, sen que teñan a consideración de membros da Mesa de valoración, nin outra función que a de informar e asesorar de forma non vinculante.

Os acordos da Mesa requirirán maioría simple dos asistentes. En caso de empate, decidírase por voto de calidade do Presidente; dos acordos da Mesa levantarase acta da que dará fe o Secretario da mesma.

Salvo as especialidades contidas nos apartados anteriores, a Mesa, dado o seu carácter de órgano colexiado, rexeráse no seu procedemento polo establecido na Sección 3.ª do Capítulo II do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

11.- Procedemento de outorgamento

11.1.- Unha vez concluído o prazo de presentación de solicitudes constituirase a Mesa de valoración que cualificará os documentos presentados en tempo e forma, a cuxo efecto, o Presidente ordenará a apertura do arquivo A/sobre A e o Secretario certificará se está correctamente cumprimentada a declaración responsable que debe figurar no mesmo.

A Mesa pronunciarase sobre o resultado da cualificación expresando as solicitudes admitidas así como as rexeitadas e as causas de inadmisión. Se non houberse defectos materiais na documentación presentada, a Mesa procederá á apertura do arquivo B/sobre B.

Se se observasen defectos ou omisións emendables na documentación presentada, enviarase un correo electrónico ao ou aos solicitantes comunicándollos e concederáselles un prazo non superior a tres días hábiles para que o emenden.

Neste caso, a partir do cuarto día hábil seguinte ao de finalización do prazo de corrección, a Mesa pronunciarase sobre a admisión ou non das solicitudes correspondentes á documentación cuxa cualificación dese lugar á observación de defectos emendables para seguidamente proceder como se dispón no parágrafo anterior, aínda que abrindo soamente o arquivo B/sobre B daqueles solicitantes que finalmente fosen admitidos.



Ayuntamiento de A Coruña Concello da Coruña

A documentación presentada no arquivo B/sobre B deberá conter a oferta (oferta económica e, no seu caso, outros criterios de valoración) do solicitante para cada un dos postos en que estea interesado, indicando expresamente a súa preferencia, de acordo co modelo de oferta que se achega a este prego como ANEXO II.

A documentación presentada no arquivo B/sobre B non será emendable en ningún caso, polo que no caso de que o solicitante non indique a súa preferencia, a solicitude presentada poderá ser excluída.

11.2.- Considerarase como mellor oferta a que obteña maior puntuación unha vez aplicados os criterios de valoración establecidos na cláusula 12.^a deste prego administrativo (suma dos puntos obtidos pola aplicación dos criterios 12.1, 12.2 e 12.3). Este será o criterio para adxudicar todos os postos ofertados.

No caso de que un solicitante presente a mellor oferta para dúas ou máis postos, adxudicaráselle o posto para o que presentase unha maior oferta económica.

A preferencia establecida polos solicitantes na súa oferta só operará, con carácter supletorio, no caso de que, unha vez aplicados os criterios anteriores, exista un empate entre dúas ou máis ofertas para o mesmo posto ou no caso de que o mesmo solicitante presente a mellor oferta e a mesma oferta económica para dous ou máis postos.

Cando o solicitante presente a mellor oferta para varios postos e non marcarse a preferencia na súa solicitude, a Mesa poderá optar por excluír a súa oferta tal e como se sinala na cláusula 11.1, ou propoñer a adxudicación do posto que supoña o mellor interese (técnico, económico ou ambiental) para o Concello da Coruña.

Cando o solicitante presente a mellor oferta para varios postos e marcarse coa mesma preferencia varios deles, a Mesa poderá optar por excluír a súa oferta tal e como se sinala na cláusula 11.1, ou propoñer a adxudicación do posto atendendo ao mellor interese (técnico, económico ou ambiental) para o Concello da Coruña. En todo caso terase en consideración o conxunto de ofertas presentadas.

Cando pola aplicación dos criterios de valoración se producise un empate na puntuación entre dous ou máis solicitantes, e ademais se dese igualdade nas preferencias sinaladas nas súas ofertas, este dirimirase a través dun sorteo, para o que se citará aos solicitantes implicados.

De conformidade coa cláusula 5.^a deste prego, só se adxudicará un (1) posto por persoa física e un máximo de tres (3) por persoa xurídica.

A Mesa de valoración encargará ao Secretario, ou membro da Mesa que se designe, a elaboración dun informe de clasificación das ofertas presentadas, en orde descendente segundo a puntuación obtida e de acordo cos criterios sinalados.

En virtude do anterior, a Mesa formulará unha proposta de adxudicación dos postos ofertados ao órgano municipal competente para resolver o outorgamento das autorizacións de aproveitamento e ocupación do dominio público.

O prazo máximo para resolver o procedemento será de seis meses. Poderá considerarse desestimada a solicitude en caso de non notificarse resolución dentro dese prazo.



Ayuntamiento de A Coruña Concello da Coruña

11.3.- O acto de exclusión dun solicitante será notificado conforme establecer nos artigos 40 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. As notificacións practicaranse preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando o interesado resulte obrigado a recibilas por esta vía.

O prazo para entender rexeitada a notificación electrónica, cos efectos previstos no artigo 43 da Lei 39/2015, será de dez días naturais computados desde a poñer# ao dispor da notificación sen que se acceda ao seu contido, salvo que de oficio ou a instancia do interesado compróbase a imposibilidade técnica ou material do acceso.

12.- Criterio de valoración

12.1.- Oferta económica: ata 10 puntos de acordo coa seguinte fórmula:

$$P_i = 10 \times (O_i/O_m)$$

Onde:

P_i: puntuación total alcanzada pola solicitude suxeita a valoración

O_i: oferta económica do solicitante suxeita a valoración

O_m: oferta económica máis vantaxosa para o Concello da Coruña

Considérase oportuna esta fórmula na medida en que busca a proporcionalidade na puntuación obtida entre a mellor oferta económica e a oferta económica presentada por cada petionario. Desta maneira, o esforzo económico realizado por cada solicitante compárase co esforzo económico realizado polo mellor solicitante, o que garante, ao noso entender, unha xusta clasificación das solicitudes.

12.2.- Puntuación polo tipo de vehículo utilizado para realizar a prestación:

Postos TIPO I:

- Por utilización de carriño sen motor – 2 puntos.
- Por utilización de carriño eléctrico- 1 punto.

Postos TIPO II e III:

- Por utilización de vehículos eléctricos – 2 puntos.
- Por utilización de vehículos híbridos – 1 punto.

12.2.- Puntuación pola utilización de sistemas de conexión a rede eléctrica:

Postos TIPO II e III:

- Por contar con autorizacións de conexión a rede eléctrica – 2 puntos.

13.- Documentación a presentar polos solicitantes propostos como adxudicatarios

Os solicitantes propostos como adxudicatarios serán notificados para o efecto e deberán presentar no prazo de dez días hábiles, a contar desde o día seguinte á recepción da preceptiva notificación, a seguinte documentación:



Ayuntamiento de A Coruña Concello da Coruña

- a) Documentos que acrediten a personalidade xurídica do solicitante e, no seu caso, a súa representación (ver apartado 9.1 deste prego).
- a) Declaración responsable de non estar incurso en ningunha causa de prohibición para contratar coa Administración, segundo o Anexo III deste prego.
- b) Certificados de estar ao corrente das súas obrigacións tributarias coa AEAT e coa Seguridade Social.
- c) A documentación acreditativa do cumprimento da normativa de manipulación de alimentos.
- a) Póliza de responsabilidade civil que cubra o risco de danos a terceiros, por importe mínimo de 150.000€, que estea en vigor á data de inicio da tempada, e cunha vixencia que cubra como mínimo a tempada prevista nos pregos correspondente a cada ano.
- d) Xustificante de pago da póliza correspondente ao devandito seguro.
- e) No seu caso, matrícula do vehículo co que se levará a cabo a prestación.
- f) No seu caso, certificado de características técnicas ou documentación que demostre se o tipo de vehículo é eléctrico ou híbrido.
- g) No seu caso, certificado de instalación eléctrica para emplacementsos ambulantes, xustificante de alto en compañía eléctrica e último recibo pago.
- h) Dirección de correo electrónico na que efectuar notificacións.

Se no devandito prazo o peticionario non presentase a documentación requirida, a proposta de adjudicación quedará sen efecto e a Mesa formulará proposta de adjudicación ao solicitante que ocupe o posto seguinte na orde de adjudicación, repetíndose o procedemento e outorgándolle ao novo adjudicatario o prazo de dez días hábiles para que presente a documentación sinalada. A non presentación da documentación por parte do solicitante proposto como adjudicatario terá as consecuencias sinaladas nas cláusulas 17 e seguintes deste prego.

14.- Adjudicación definitiva

Unha vez presentada a documentación sinalada na cláusula anterior e verificada polo Concello, remitíranse a cada adjudicatario documentos de ingreso de dúas autoliquidacións:

- polo importe da súa oferta económica correspondente ao ano 2023;
- e, no seu caso, polo importe que lle corresponda na repartición dos gastos de publicidade do procedemento;

O adjudicatario presentará copia do xustificante de ingreso de ambas autoliquidacións.

O órgano municipal competente para resolver ditará resolución para outorgar a autorización de conformidade coa clasificación da solicitantes proposta pola Mesa, unha vez presentada toda a documentación requirida e verificado o ingreso das autoliquidacións.

Darase traslado da devandita resolución á Policía Local.

III. RÉXIME XURÍDICO DA AUTORIZACIÓN

15.- Vixencia das autorizacións

As autorizacións outórganse polo prazo de duración e con suxeición a todas as condicións do prego técnico e do presente prego administrativo.



A autorización ten unha vixencia inicial de tres tempadas, podendo ser prorrogada por unha tempada adicional por decisión do órgano municipal competente, previo acordo co adxudicatario.

16.- Renovación da autorización

Cada adxudicatario, tal e como se establece na cláusula 5.ª deste prego, deberá abonar cada ano o prezo correspondente á oferta económica realizada.

Para a xestión do pago, a partir do 1 de marzo de cada ano, e no prazo de 15 días hábiles a contar desde a devandita data, deberá presentar a seguinte documentación necesaria para a renovación da autorización:

- a) Certificados de estar ao corrente das súas obrigacións tributarias coa AEAT e coa Seguridade Social.
- a) Xustificante de pago da póliza correspondente ao seguro de responsabilidade civil.
- b) No seu caso, matrícula do vehículo co que se levará a cabo a prestación.
- c) No seu caso, certificado de características técnicas ou documentación que demostre se o tipo de vehículo é eléctrico ou híbrido.
- d) No seu caso, certificado de instalación eléctrica para emprazamentos ambulantes, xustificante de alto en compañía eléctrica e último recibo pago.
- e) Resto de documentación que se considere oportuna, no seu caso.

O Concello remitirá documento de ingreso para a autoliquidación polo importe correspondente a cada anualidade. O interesado dispoñerá dun prazo de 10 días hábiles para realizar o ingreso, debendo remitir ao Concello unha copia do xustificante do ingreso realizado.

17.- Renuncia por parte do adxudicatario

17.1.- Renuncia antes de a proposta de adxudicación

Se trala comunicación da proposta de adxudicación, o petionario quixese renunciar, deberao comunicar por escrito e dentro do prazo de 10 días hábiles desde a recepción da notificación da súa proposta como adxudicatario. Esta renuncia terá as consecuencias que figuran na cláusula seguinte.

Neste caso, a Mesa propoñerá a adxudicación ao seguinte solicitante na orde prevista na cláusula 11.ª.

No caso de que algún posto de venda quedase sen cubrir, valorarase a realización ou non dun novo procedemento de outorgamento de autorizacións, nese caso poderase limitar a publicación á Sede electrónica deste Concello, concedendo en todo caso un prazo de trinta (30) días hábiles para a recepción de novas solicitudes.

17.2.- Renuncia antes do inicio da segundo e seguintes anualidades

Se antes do inicio da segundo e posteriores anualidades, durante o tempo de vixencia da autorización, algún dos adxudicatarios renunciase, deberá comunicalo por escrito ao Concello explicando os motivos da devandita renuncia e deberá facelo antes do 1 de marzo de cada ano.



Neste caso, non se lle esixirá indemnización algunha, sen prexuízo das consecuencias que figuran na cláusula seguinte.

De acordo co previsto na cláusula 13.^a, a Mesa poderá propoñer a adxudicación ao seguinte petionario na orde prevista na cláusula 11.^a, requiríndolle para que presente a documentación sinalada. En ningún caso, as novas adxudicacións en anos posteriores ao inicial conlevarán o aumento das anualidades previstas neste prego. É dicir, a autorización ao seguinte solicitante o será polo tempo restante, inicial ou prorrogado, das autorizacións.

18.- Revogación da autorización

Transcorrido o prazo de 10 días hábiles sinalado na cláusula 13.^a sen presentar a documentación, a proposta de adxudicación quedará sen efecto. Neste caso, poderá esixirse ao solicitante que incumprise sen mediar a comunicación sinalada na cláusula 17.1, o abono dun importe igual ao ofrecido para o primeiro ano en concepto de indemnización. Ademais, tamén poderá dar lugar tanto á súa inadmisión como, no seu caso, á inadmisión da empresa á que represente na seguinte convocatoria. **En todo caso, quedarán automaticamente excluídas as ofertas económicas que presentase a outros postos.**

No caso de que o solicitante realice a comunicación prevista na cláusula 17.1, comunicando a súa renuncia ao posto adxudicado, non se lle esixirá indemnización algunha, pero se se poderá proceder á súa inadmisión como, no seu caso, á inadmisión da empresa á que represente na seguinte convocatoria. **En todo caso, quedarán automaticamente excluídas as ofertas económicas que presentase a outros postos.**

De forma análoga, no caso de que se incumpra o previsto na cláusula 16.^a sen mediar a comunicación da renuncia nos termos recolleitos na cláusula 17.2, producirase a revogación da autorización. Neste caso, poderá esixirse ao causante unha indemnización igual á oferta económica realizada para ese ano. Ademais, tamén poderá dar lugar tanto á súa inadmisión como, no seu caso, á inadmisión da empresa á que represente na seguinte convocatoria.

A revogación ten efectos para o ano en que se produza e para os posteriores.

A revogación tamén se producirá polas seguintes causas:

- a) Por transcurso do prazo da súa vixencia.
- a) Por mutuo acordo entre o adxudicatario e o Concello.
- b) Por extinción da personalidade xurídica da entidade autorizada.
- c) Por declaración de quebra ou concurso da entidade autorizada.
- d) Por revogación por parte do Concello nos supostos de interese público establecidos na cláusula 19.^a do presente prego.
- e) Por sentenza xudicial firme.

Así mesmo, o Concello tamén poderá revogar a licenza nos seguintes casos:

- a) Pola comisión dunha segunda infracción moi grave durante o período de vixencia da autorización.
- a) Por incumprimento da obriga de iniciar a actividade obxecto da autorización dentro do prazo de 15 días naturais desde a notificación do outorgamento da mesma.



- b) Por abandono da actividade polo autorizado. Entenderase que existe abandono se deixa de realizar a actividade durante un período superior a 15 días naturais consecutivos.
- c) Pola realización da actividade por persoa/s distinta/s da que resultou adxudicataria do posto, non existindo relación laboral coa/s mesma/s.
- d) Por incumprimento relevante e reiterado das condicións que, sen supoñer abandono, implique deterioración grave das condicións de salubridade, hixiene, ornato ou seguridade públicas.
- e) Pola obstrución deliberada ao exercicio por parte dos técnicos municipais das súas funcións de control e supervisión da actividade. Entenderase en todo caso que existe tal causa cando se acheguen datos falsificados referentes á actividade e necesarios para o control e supervisión.
- f) Por incumprimento das condicións que este prego cualifique como esenciais. En todo caso entenderase que é incumprimento de condición esencial e causa de revogación o incumprimento das condicións ofertadas pola persoa ou entidade autorizada e que foron obxecto de valoración para o outorgamento da autorización. Así mesmo, será incumprimento de condición esencial e causa de revogación a utilización de vehículos que non cumpran as condicións esixidas nos pregos.

En caso de extinción das autorizacións por revogación, as autorizacións extinguidas poderán ser novamente asignadas polo tempo que reste de vixencia. Para ese efecto, poderase optar por ofrecer ao seguinte petionario clasificado que non obtivese autorización, e, en caso de rexeitar o ofrecemento, ao seguinte petionario e así sucesivamente, ou se poderá optar por realizar un novo procedemento de outorgamento de autorizacións nos termos sinalados na cláusula 17.1ª.

Extinguida ou revogada a autorización, cesarase no uso do dominio público.

19.- Revogación por razóns de interese público

O Concello resérvase a facultade de deixar sen efecto a autorización, antes de cumprirse o prazo polo que se outorga, se así o xustifican causas sobrevindas de interese público debidamente xustificadas, sen dereito a ningunha clase de indemnización.

Así mesmo, de conformidade co previsto no art. 92.4 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, as autorizacións poderán ser revogadas unilateralmente pola Administración concedente en calquera momento por razóns de interese público, sen xerar dereito a indemnización, cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral.

20.- Suspensión e modificación da autorización

Polas mesmas razóns indicadas na cláusula anterior ou outras de interese público acreditado, poderá suspenderse temporalmente a eficacia da autorización. Neste caso, o tempo de suspensión poderá engadirse ao prazo de vixencia da autorización.

Se se producise tal modificación, as novas condicións impostas polo Concello serán obrigatorias para o titular, que non terá dereito a ningunha indemnización a cambio.



Ayuntamiento de A Coruña Concello da Coruña

O titular da autorización, con todo, poderá expor, con base nas mesmas razóns indicadas na cláusula anterior, unha modificación das condicións da autorización, sen dereito a indemnización algunha no caso de que sexan autorizadas polo Concello.

21.- Transmisión da autorización. Requisitos.

As autorizacións concedidas ao amparo do disposto neste prego poderán ser transmitidas a terceiros, previa autorización do órgano municipal competente e sempre que:

- o cesionario acredite reunir as condicións de capacidade e solvencia esixidas neste prego;
- o cedente explotase a autorización durante, polo menos, unha (1) anualidade completa a contar desde o seu outorgamento.

22.- Cesamento da actividade

O cesamento da actividade, calquera que sexa a causa que o motive, non dará lugar a devolución algunha por parte do Concello nin a indemnización a favor do titular da autorización.

23.- Responsabilidade. Risco e ventura.

O titular da autorización asume a plena e exclusiva responsabilidade de canto danos puidesen derivarse da actividade, tanto para as persoas usuarias dos postos como para outras usuarias das vías públicas e terceiros en xeral, así como nos bens públicos ou privados.

A autorización demanial entenderase sempre concedida a risco e ventura para as persoas autorizadas, sen que estas poida solicitar alteración das condicións, nin indemnización algunha, nin sequera nos supostos de forza maior. Tampouco terán dereito a indemnización algunha por extinción da autorización ao cumprirse o prazo de vixencia das mesmas, nin cando se produza a revogación por interese público, contempladas nas cláusulas anteriores deste prego.

24.- Responsabilidades. Control e inspección.

Sen prexuízo das demais facultades que puidesen estar atribuídas a outras Administracións Públicas, o titular da autorización estará sometido de forma permanente e constante ao control e supervisión dos Servizos Técnicos Municipais, de acordo co establecido nos pregos e na normativa que resulte de aplicación.

25.- Réxime económico.

O titular da autorización queda obrigado ao abono do canon ou taxa de cada ano, que tendo en conta dispoñer no art. 24.1.b) do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que establece que *“o importe da taxa virá determinado polo valor económico da proposición sobre a que recaia a concesión, autorización ou adjudicación”*, corresponderase co importe ofrecido polo solicitante para cada unha das anualidades.



A cantidade para abonar por este concepto liquidarase anualmente, con antelación ao comezo de cada anualidade e a súa falta de abono supoñerá a revogación da autorización.

26.- Dereitos e obrigacións do titular da autorización

26.1.- Dereitos

O titular da autorización ostenta os seguintes dereitos:

- a) Á explotación da autorización, con suxeición ás condicións establecidas nos pregos de condicións administrativas e de condicións técnicas, así como ás previsións da normativa aplicable en cada caso.
- a) Ao uso e ocupación do dominio público municipal coa instalación dos seus postos de venda, nos termos indicados neste prego e no prego de condicións técnicas.

26.2.- Obrigacións

Ademais das obrigacións de carácter xeral establecidas pola normativa vixente como na Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, especificamente impóñense aos titulares da autorización as seguintes obrigacións:

- a) Estar dado de alta no epígrafe correspondente do Imposto de Actividades Económicas e estar ao corrente do pago da tarifa ou, en caso de estar exentos, estar dado de alta no censo de obrigados tributarios.
- a) Estar dado de alta no réxime correspondente da Seguridade Social e ao corrente no pago das cotizacións en tal réxime.
- b) Satisfacer as taxas e os tributos fixados na correspondente ordenanza municipal.
- c) Dispoñer dos permisos de residencia e traballo que, en cada caso, fosen esixibles, se se tratase de persoas estranxeiras.
- d) Cumprir as condicións e requisitos esixidos pola normativa reguladora dos produtos que sexan obxecto de venda.
- e) Estar en posesión, no seu caso, do certificado acreditativo de recibir formación en materia de manipulación de alimentos.
- f) As persoas xurídicas deberán acreditar os seguintes extremos: o NIF, acta de constitución, estatutos e escritura de poder outorgada á persoa que asina a solicitude de autorización en representación da empresa.
- g) Dispoñer de seguro de responsabilidade civil que cubra a actividade.
- h) Dispoñer, no caso de que se realicen conexións eléctricas, dun certificado de instalación eléctrica expedido pola Consellería competente en materia de Industria, así como xustificante da súa presentación na distribuidora eléctrica e o pago efectuado na mesma.



- i) Dispoñer, nos casos en que sexa preciso, certificado de resistencia ao lume ou de ignifugación, dos materiais susceptibles de combustión que formen parte do carriño-caseta así como acreditar a existencia dun extintor de 6kg de po polivalente de eficacia 21A-113B (achegando o certificado de revisión dos extintores).
- j) Dispoñer, no seu caso, de certificado de matriculación do vehículo co que se leve a cabo a prestación, así como certificado de características técnicas ou documentación que demostre se o tipo de vehículo é eléctrico ou híbrido.

27.- Incumprimentos e penalidades

27.1.- Incumprimentos

Considerarase incumprimento toda acción ou omisión por parte da persoa autorizada que supoña a vulneración das obrigacións establecidas nos pregos polos que se rexe este procedemento de outorgamento de autorizacións e demais normativa xeral de aplicación. Os incumprimentos cualifícanse en leves, graves e moi graves, atendendo ás circunstancias concorrentes e ao maior ou menor prexuízo que se cause ao funcionamento da actividade.

Serán considerados como incumprimentos **leves**:

- Invadir, pisar e amontoar materiais nas zonas verdes, así como suxeitar nelas calquera elemento de sustentación ou apoio.
- Trato desconsiderado ao público e persoas usuarias.
- Inobservancia da debida limpeza e decoro do posto.
- Calquera outra conduta non establecida expresamente como grave ou moi grave, que supoña un incumprimento dos deberes establecidos neste prego e no prego de condicións técnicas.

Serán consideradas como incumprimentos **graves**:

- Ocupar máis espazo do adxudicado ou darlle un destino distinto.
- Estragar, arrincar ou pisar sebes vexetais existentes, así como despuntar, cortar ou desgarrar ramas de calquera índole de desenvolvemento vexetativo nas árbores ou arbustos existente.
- Mal uso ou danos ao mobiliario urbano, tal como bancos, papeleiras, fontes, bordos, etc.
- Cravar elementos punxentes, colocar carteis, instalar abrazadeiras, tomas de auga ou calquera outro elemento de sustentación ou apoio sobre o arboredo existente, así como cravar elementos punxentes no pavimento cando este non sexa de terra.
- Cobranza de prezos abusivos (tendo en conta dos prezos de mercado).

Serán considerados incumprimentos **moi graves**:

- Non observar as medidas de prudencia necesarias para salvagardar a seguridade, hixiene ou sanidade dos postos.
- Non cumprir as ordes do Técnico Municipal e dos axentes da Policía Local relativas ao cumprimento dos pregos.
- A realización da actividade en lugares distintos aos autorizados nos pregos.
- Permanencia e realización da actividade en datas e horario distinto ao permitido.
- Abandono, no lugar de colocación, de lixo ou desperdicios.



Ayuntamiento de A Coruña Concello da Coruña

- Realización da actividade por persoa/s distinta/s á que resultou adxudicataria do posto, sen que exista relación laboral co mesma/s.

27.2.- Penalidades

Os incumprimentos anteriores comportarán a imposición das seguintes penalidades:

- Incumprimentos leves: multas de ata 750,00 euros.
- Incumprimentos graves: peche ou precinto do posto e/ou multas de entre 751,00 euros ata 1.500,00 euros.
- Incumprimentos moi graves: peche ou precinto do posto e/ou multas de entre 1.501,00 euros ata 3.000,00 euros.

As penalidades anteriores entenderanse sen prexuízo de esixirle á persoa adxudicataria a compensación de danos e prexuízos ocasionados, tanto aos bens municipais como ás persoas ou bens dos usuarios, así como sen prexuízo da posible revogación da autorización se procedese.

Para a gradación do importe das penalidades consideraranse, entre outros, os seguintes criterios:

- a) O incumprimento espontáneo dos deberes ou dos deberes formais e o atraso naquel.
- a) A reparación voluntaria dos danos
- b) Os prexuízos ocasionados aos particulares.
- c) O beneficio ilícito obtido.
- d) A transcendencia social da infracción.
- e) A intencionalidade.
- f) A reiteración.
- g) A reincidencia, pola comisión no termo dun ano de máis dun incumprimento da mesma natureza, cando así fose declarado por resolución firme en vía administrativa.

A penalidade para impoñer se graduará por aplicación do principio de proporcionalidade, en atención ás circunstancias de cada caso e, en particular, á existencia de intencionalidade, a continuidade ou persistencia na conduta infractora, a gravidade dos prexuízos causados, e a reincidencia.

Con independencia da penalidade que corresponda, cando se producen danos ao dominio público e non sexan como consecuencia de caso fortuíto ou forza maior, a Administración poderá esixir a restauración dos elementos danados, así como a indemnización polos danos e prexuízos causados.

Para a imposición de penalidades incoarase un procedemento contradictorio no que se lle outorgará audiencia á persoa adxudicataria para os efectos de formulación de alegacións e presentación de canto documentos estime conveniente na defensa dos seus dereitos.

O procedemento iníciase por denuncia formulada por Policía Local ou pola inspección de calquera servizo municipal; en ambos os casos as denuncias gozarán de presunción de veracidade nos termos legalmente establecidos.

A Coruña, na data de firma dixital deste documento.

Servizo de Concesións e Patrimonio Municipal

Dirección de Área de Economía, Facenda e Réxime Interior



ANEXO I

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA PERSOAS FÍSICAS:

Nome:
Apelidos:
DNI/CIF:
Con domicilio en:
Teléfono:
Correo electrónico:

Declaro responsablemente:

- Cumprir dos requisitos establecidos nos pregos reguladores da convocatoria e na normativa de aplicación.
- Estar ao corrente das miñas obrigacións tributarias, coa Seguridade Social e con este Concello.
- Que en caso de resultar proposto como adxudicatario dun ou varios postos, estou en disposición de presentar o resto da documentación requirida neste prego antes do inicio da actividade.
- Que mantereirei o seu cumprimento durante o prazo de vixencia da autorización.
- Que cumprireirei as obrigacións establecidas na lexislación vixente en materia de autorizacións de residencia e traballo (en caso de prestadores procedentes de terceiros países).
- Que reúno as condicións esixidas pola normativa reguladora do produto obxecto da venda ambulante.
- Que non estou incluído en ningún dos casos de incapacidade ou incompatibilidade establecidos na lei para o exercicio do comercio.
- Que non realizo actividades con produtos prohibidos.

En....., a.....de.....de.....

Asdo.:

ADVIRTESELLE DE QUE segundo o art. 69 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas*, a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se acompañe ou incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación previa, ou a non presentación ante a Administración competente da declaración responsable ou comunicación previa, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbese lugar.

Así mesmo, a resolución da Administración Pública que declare tal circunstancia poderá determinar a obrigación do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao comezo da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado, todo iso conforme os termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación.



MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA PERSONAS JURÍDICAS:

Nome:
Apellidos:
DNI/CIF:
Como representante legal da mercantil:
Nome da empresa:
NIF:
Dirección:
Teléfono:
Correo electrónico:

Declaro responsablemente que a entidade á que represento:

- Cumpre os requisitos establecidos nos pregos reguladores da convocatoria e na normativa de aplicación.
- Está ao corrente das obrigacións tributarias, coa Seguridade Social e con este Concello.
- Que en caso de resultar adxudicataria dun ou varios postos, está en disposición de presentar o resto da documentación requirida neste prego antes do inicio da actividade.
- Que manterá o seu cumprimento durante o prazo de vixencia da autorización.
- Cumpre as obrigacións establecidas na lexislación vixente en materia de autorizacións de residencia e traballo (en caso de prestadores procedentes de terceiros países).
- Reúne as condicións esixidas pola normativa reguladora do produto obxecto da venda ambulante.
- Non está incluída en ningún dos casos de incapacidade ou incompatibilidade establecidos na lei para o exercicio do comercio.
- Non realiza actividades con produtos prohibidos.

En....., a.....de.....de.....

Asdo.:

ADVIRTESELLE DE QUE segundo o art. 69 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas*, a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se acompañe ou incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación previa, ou a non presentación ante a Administración competente da declaración responsable ou comunicación previa, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbese lugar.

Así mesmo, a resolución da Administración Pública que declare tal circunstancia poderá determinar a obrigación do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao comezo da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado, todo iso conforme os termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación.



ANEXO II

MODELO DE OFERTA:

Nome:
Apellidos:
DNI/CIF:
Con domicilio en:
Teléfono:
Correo electrónico:

No meu propio nome ou en representación da mercantil _____ con NIF e domicilio en _____, decatado do prego de condicións administrativas que rexe a convocatoria pública para o outorgamento de autorizacións de aproveitamento e ocupación do dominio público, en réxime de concorrencia, para a venda ambulante nas inmediacións das praias, nos parques e noutras zonas da cidade durante a tempada estival (anos 2023, 2024, 2025 e prorrogable a 2026), que acepto en todo o seu contido e extensión, así como os demais documentos que obran unidos ao expediente da súa razón, **OFREZO** as seguintes cantidades por posto/ano como mellor oferta económica (cóbreuse soamente aquelas celas correspondentes aos postos dos que se pretende obter a autorización) e **DECLARO** a miña preferencia en canto á adxudicación dos postos.

1. Oferta económica:

	PREFERENCIA	OFERTA ECONÓMICA 2023 (€/anualidade)
POSTOS TIPO I:		
• Posto P1 (oferta económica mínima 634,50 €)	(1)	(2)
• Posto P2 (oferta económica mínima 607,50 €)	(1)	(2)
• Posto P3 (oferta económica mínima 607,50 €)	(1)	(2)
• Posto P4 (oferta económica mínima 607,50 €)	(1)	(2)
• Posto P5 (oferta económica mínima 607,50 €)	(1)	(2)
• Posto P6 (oferta económica mínima 607,50 €)	(1)	(2)
POSTOS TIPO II:		
• Posto H1 (oferta económica mínima 1.440,00 €)	(1)	(2)
• Posto H2 (oferta económica mínima 2.256,00 €)	(1)	(2)
• Posto H3 (oferta económica mínima 1.680,00 €)	(1)	(2)
• Posto H4 (oferta económica mínima 1.680,00 €)	(1)	(2)
• Posto H5 (oferta económica mínima 2.160,00 €)	(1)	(2)
POSTOS TIPO III:		
• Posto J1 (oferta económica mínima 1.920,00 €)	(1)	(2)
• Posto J2 (oferta económica mínima 1.920,00 €)	(1)	(2)
• Posto J3 (oferta económica mínima 2.160,00 €)	(1)	(2)
• Posto J4 (oferta económica mínima 1.680,00 €)	(1)	(2)
• Posto J5 (oferta económica mínima 1.680,00 €)	(1)	(2)
• Posto J6 (oferta económica mínima 1.920,00 €)	(1)	(2)

- (1) Introducir a orde de preferencia (1.º, 2.º, 3.º... ou primeiro, segundo, terceiro...). **VER PREGO TÉCNICO.**
 (2) Introducir a oferta económica



2. Outros criterios de valoración, no seu caso:

Introducir no Sobre B, xunto coa oferta económica, os certificados que acrediten os criterios de valoración aplicables, de acordo co sinalado nas cláusulas 11.ª e 12.ª do prego administrativo.

- Postos TIPO I:

- Documentación acreditativa de carriño sen motor / eléctrico

- Postos TIPO II e III:

- Documentación acreditativa de vehículo eléctrico / híbrido.
- Autorización de conexión a rede eléctrica en vigor.



ANEXO III

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON INCORRER EN PROHIBICIÓN DE CONTRATAR

D./Dna., con DNI/NIE en nome propio ou en representación da empresa, con NIF nº, en calidade de

DECLARA:

Baixo a súa responsabilidade

- Que o asinante ostenta a representación da empresa que presenta a solicitude (caso de representación).
- Que non incorre, nin el/ela, nin a empresa que representa, en ningún dos suposto legais de incapacidade nin incompatibilidade para contratar, en cumprimento do disposto no art. 71 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

En....., a.....de.....de.....

Asdo.: